

# 2023 S O I O M A I O S

*Déano-lo maio,  
donas e cabaleiros  
se non teñen maio,  
déannos diñeiro.*

Non te fíes demasiado  
das cartas de Valentín,  
ou dun match de tínder  
que che fai tilintilín.

Na primavera as flores  
alegran con emoción.  
Os meus ollos por ti choran,  
alerxia do corazón.

Neste maio imos cantar  
e pintar con moitas cores  
esta tola primavera:  
pouca chuvia e só calores.

Nós en primeiro da ESO  
estudamos bioloxía,  
sabemos que no futuro  
cambia a meteoroloxía.

O clima está cambiando;  
por un lado fortes trombas  
e en case toda a península  
raios de sol coma bombas.

O reino dos animais  
está cheo de sorpresas,  
pero sempre os depredadores  
paparon as pobres presas.

Ás veces na Hora de Ler  
temos que abrir o xornal,  
unha chea de noticias  
que nos fan sentir fatal.

Fáichenos sentir fatal  
a grande suba dos prezos  
cústanos todo ben caro  
luz, gasóleo, alimentos...

Acabou logo a pandemia  
pero empezou outra guerra,  
entre Rusia e mais Ucraína  
isto non hai quen o entenda.

Non haberá unha vacina  
que pare esta epidemia:  
a estupidez humana  
e de Putin a soberbia.

Para que remate a fame  
temos que axudar a xente,  
de todas as desgrazas  
a de África é moi urxente.

No país do tío Sam  
governa Baiden o vello  
non se quere retirar  
e viaxar co imsero.

Xa chegan as eleccións.  
a estas non se presentan  
nin Sánchez nin o Feijóo:  
votalos non teñas présa.

Xa temos nova bandeira  
na casa do noso Concello,  
parecemos da Ucraína  
con tanto azul e amarelo.

Cóntase dun autobús  
que chegou puntual a Ares,  
Así como volo conto  
parece case un milagre.

O Galicia de Mugar dos  
tenvos novos seareiros,  
Galiciabears se chaman  
nese inglés de *pulpeiros*.

Por este chulo recinto,  
instituto de Mugar dos,  
están por chegar as notas  
con rosas e moitos cardos.

Pasamos algún traballo  
neste curso fabuloso  
non se sacan todo deces  
sen botarlle algo de esforzo.

As vacacións están cerca,  
desexámolas con amor  
para pasar a segundo  
cargadiños de razón.

Os exames xa se acercan  
prós rapaces de Mugar dos,  
os alumnos xa están fartos  
necesitan un descanso.

Que ben o pasamos na aula  
con Montse e con Poncela,  
aprendemos moito léxico  
e xa temos verborrea.

Despedimos aos titores  
que nos tratan coma reis.  
Con moitísima emoción  
adeus Fabio e Raquel.

*E víche-lo maio,  
e víchelo ben,  
agora xa se foi  
ata o ano que vén.*



**Alumnado de 1.º ESO**  
Curso 2022-2023